

**IES 12 de Outubro  
OURENSE**

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

---

**DEPARTAMENTO:**

**FRANCÉS**

---

**MATERIA: FRANCÉS 2ª LINGUA ESTRANXEIRA**

**ETAPAS: ESO e BACHARELATO**

**CURSO 2019-2020**

# Índice

A) Introducción e contextualización	
A. I. Datos previos .....	3
A. II. Marco legal	
A. II.1. Relación dos obxectivos de etapa para ESO e Bacharelato .....	3
A. II.2. Relación das competencias clave e siglas correspondentes .....	5
A. II.3. Desenvolvemento curricular prescriptivo .....	5
B) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	36
B.I. Concreción en rúbricas .....	39
C) Concreción dos obxectivos para cada curso.....	73
C.I. Unidades formativas .....	76
D) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:	
1º. Temporalización.	
2º. Grao mínimo de consecución para superar a materia.	
3º. Procedementos e instrumentos de avaliación. ....	83
E) Concrecións metodolóxicas que require a materia.....	92
F) Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.....	92
G) Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado.....	93
H) Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	98
I) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.....	98
J) Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.....	99
K) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.....	99
L) Medidas de atención á diversidade.....	99
M) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda	100
N) Actividades complementarias e extraescolares.....	101
Ñ) Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.....	102

## **A. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN**

### **A.I. DATOS PREVIOS**

O Departamento de Francés do IES 12 de Outubro de Ourense ten un único membro, a profesora Mónica Febrero Alonso, actuando asimismo coma Xefe do Departamento.

A oferta das materias Francés 2ª lingua estranxeira correspóndese cos seguintes grupos para o presente curso académico.

- 1º ESO A francés 2ª LE con 29 alumnos
- 1º ESO B francés 2ª LE con 25 alumnos
- 2º ESO A francés 2ª LE con 25 alumnos
- 2º ESO B francés 2ª LE con 13 alumnos
- 3º ESO A francés 2ª LE con 19 alumnos
- 3º ESO B francés 2ª LE con 12 alumnos
- 4º ESO A+B francés 2ª LE con 20 alumnos
- 1º Bacharelato 2º idioma con 28 alumnos
- 2º Bacharelato 2º idioma con 9 alumnos.

Dona Mónica Febrero Alonso imparte docencia a todos os grupos.

Queremos pensar que se ofertou francés 1ª e 2ª LE para todos os cursos e niveis, quedando descartado coma optativa no bacharelato por número insuficiente para constituir grupo, e como primeiro idioma tanto na ESO coma en Bacharelato por falta absoluta de matrícula. Pero sinálase que o exposto afirmase sen coñecer datos concretos dos sobres de matrícula.

### **A.II. MARCO LEGAL**

#### **A. II.1. RELACIÓN DOS OBXECTIVOS DE ETAPA PARA ESO E BACHARELATO**

Obxectivos da educación secundaria obrigatoria (Artigo 10 do Decreto 86/2015)

*A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:*

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.*
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.*
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.*

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes completos.

**i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.**

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como **medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas**, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

E reproducimos aquí o Artigo 26do Decreto 86/2015 sobre obxectivos do bacharelato

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.**
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

## A. II.2. RELACIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE E SIGLAS CORRESPONDENTES

Comunicación lingüística (CCL).

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

Competencia dixital (CD).

Aprender a aprender (CAA).

Competencias sociais e cívicas (CSC).

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

Conciencia e expresións culturais (CCEC).

## A. II.3. DESENVOLVEMENTO CURRICULAR PRESCRIPTIVO

Esta é a concreción que recolle a relación dos estándares de aprendizaxe avaliados da materia que forman parte dos perfís competenciais. Tanto os estándares, como os contidos e os criterios de avaliación, non son froito deste Departamento, senón que entendemos, son os que a Administración educativa galega nos determina no Decreto 86/2015 e que reflectimos a continuación. Sinalamos a inclusión de cinco grandes bloques temáticos en lugar de catro, que son os empregados noutras Comunidades Autónomas e na meirande parte das programacións proporcionadas polas distintas editorais e libros de texto.

SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA. 1º DE ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Bloque 1. Comprensión de textos orais			

SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA. 1º DE ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
acdi	<p>B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais:</p> <p>Uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.</p> <p>Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema.</p> <p>Identificación de palabras clave.</p> <p>Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica).</p> <p>Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece, a partir do contexto e das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece á lingua estranxeira.</p> <p>B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.</p> <p>B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.</p> <p>B1.4. Memorización de expresións orais breves significativas (saúdos, despedidas, consignas de aula, preguntas sobre idade, orixe, etc.).</p>	<p>B1.1. Comprender preguntas e informacións sinxelas relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos, etc.), así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula.</p> <p>B1.2. Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.</p> <p>B1.3. Comprender o sentido global e as informacións específicas máis relevantes de mensaxes orais sinxelas e moi básicas (por exemplo, seguir instrucións ou indicacións, identificar persoas, obxectos e lugares descritos cun vocabulario básico) emitidas cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia, sobre situacións habituais de comunicación, se se fala moi amodo e con moita claridade.</p> <p>B1.4. Comprender o esencial en conversas moi básicas e breves sobre temas cotiáns habituais e de necesidade inmediata, previamente traballados, relativas ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible.</p>	<p>SLEB1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (nome, idade, enderezo, nivel de estudos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita.</p>	CCL CD CAA CCEC
			<p>SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (números, datas, prezos, etc.) e temas con que teña moita familiaridade, e segue instrucións e consignas de aula.</p>	CCL CAA CCEC
			<p>SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis relevante de textos orais breves (instrucións e comunicados) con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas, procedentes de medios audiovisuais ou de internet, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito.</p>	CCL CAA CCEC CD
			<p>SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, ou a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar.</p>	CCL CAA CCEC CD
Bloque 2. Produción de textos orais				
acdi	<p>B2.1. Estratexias de produción:</p> <p>Planificación:</p> <p>Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción.</p> <p>Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa</p> <p>Execución:</p> <p>Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou as ideas principais, e a súa estrutura básica.</p> <p>Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.</p> <p>Expresión da mensaxe con claridade, coherencia básica e estrutura adecuada, e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados na clase previamente.</p> <p>Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <p>Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos</p>	<p>B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.</p> <p>B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas moi básicas relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender.</p> <p>B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre si mesmo/a e sobre accións e nocións (horarios, datas, cantidades) moi habituais da vida diaria, usando un repertorio básico de palabras e frases moi simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.</p> <p>B2.4. Dar e obter información sobre datos básicos persoais (idade, lugar de residencia, familia, orixe, gustos, posesións, etc.), utilizando un repertorio moi básico de expresións moi sinxelas e habituais sobre estes datos.</p>	<p>SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.</p>	CCL CD CAA CCEC
			<p>SLEB2.2. Fai e responde intelixiblemente e con accións colaborativas, preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida diaria e do tempo libre en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar.</p>	CCL CAA CCEC CD
			<p>SLEB2.3. Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas con necesidades inmediatas nas que pide e se dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar.</p>	CCL CAA CCEC CD
			<p>SLEB2.4. Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, nas que establece contacto social elemental, intercambia información moi básica, manifesta os seus gustos, fai invitacións elementais e ofrecementos, e pide e dá indicacións moi básicas para ir a un lugar.</p>	CCL CAA CCEC
			<p>SLEB2.5. Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre</p>	CCL CAA

SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA. 1º DE ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>Lingüísticos:</p> <p>Modificación de palabras de significado parecido.</p> <p>Definición ou paráfrase dun termo ou expresión.</p> <p>Uso da lingua materna ou "estranxeirización" de palabras da lingua meta.</p> <p>Petición de axuda.</p> <p>Paralingüísticos:</p> <p>Sinalación de obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o significado.</p> <p>Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal).</p> <p>Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc) de valor comunicativo.</p> <p>B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.</p> <p>B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación (chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, compravenda, etc.), igualmente cotiás e moi básicas.</p>		gustos, preferencias e intereses relativos a temas moi cotiáns, en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.	CCEC
Bloque 3. Comprensión de textos escritos				
acdi	<p>B3.1. Estratexias de comprensión:</p> <p>Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.</p> <p>Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva)</p> <p>Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).</p> <p>Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.</p> <p>Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e as experiencias noutras linguas.</p> <p>Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p> <p>B3.2. Soletreo e asociación de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas.</p>	<p>B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.</p> <p>B3.2. Seguir instrucións básicas e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi sinxelas e predicibles, e traballadas previamente.</p> <p>B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos breves, moi sinxelos e ben estruturados, con conectores moi básicos e relativos a temas da propia experiencia.</p> <p>B3.4. Comprender textos propios de situacións cotiás próximas, como invitacións, felicitacións, notas, avisos, billetes de transporte, entradas, etiquetas ou xogos coñecidos.</p>	SLEB3.1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese.	CCL CAA CCEC CD
			SLEB3.2. Comprende avisos, obrigas e prohibicións básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual.	CCL CAA CCEC
			SLEB3.3. Comprende información básica e sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade.	CCL CAA CCEC
			SLEB3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos e listas de prezos.	CCL CAA CCEC CD
Bloque 4. Produción de textos escritos				
acdi	<p>B4.1. Estratexias de produción:</p> <p>Planificación:</p> <p>Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas, co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).</p> <p>Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).</p>	<p>B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa na aula.</p> <p>B4.2. Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal.</p> <p>B4.3. Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con</p>	SLEB4.1. Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información, ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar.	CCL CAA CCEC CD
			SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa ao seus datos persoais e intereses ou afeccións (nome, idade, enderezo, gustos, etc.).	CCL CAA CCEC CD



SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA. 1º DE ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos.</p> <p>Execución:</p> <p>Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.</p> <p>Estruturação do contido do texto.</p> <p>Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.</p> <p>Expresión da mensaxe con claridade, axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.</p> <p>Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <p>Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "paréceme ben", etc.).</p> <p>Revisión:</p> <p>Identificación de problemas, erros e repeticións.</p> <p>Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.</p> <p>Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.).</p> <p>Reescritura definitiva.</p>	<p>actividades cotiás e de inmediata necesidade.</p> <p>B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.</p>	<p>SLEB4.3. Escribe notas, listaxes, tarxetas postais, felicitacións e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativas a necesidades inmediatas.</p> <p>SLEB4.4. Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituindo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (felicitar, informar, preguntar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada.</p>	<p>CCL CAA CCEC CD</p> <p>CCL CAA CCEC CD</p>
Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe				
a c d i o	<p>B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos.</p> <p>Sons e fonemas vocálicos.</p> <p>Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.</p> <p>Procesos fonolóxicos máis básicos.</p> <p>Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración.</p> <p>B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas</p> <p>Uso das normas básicas de ortografía da palabra.</p> <p>Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.</p> <p>B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:</p> <p>Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira.</p> <p>Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos, lugares máis habituais, etc.; e a costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira.</p>	<p>B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significado evidente, e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facer entender.</p> <p>B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.</p> <p>B5.3. Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis básicas nos contextos respectivos.</p> <p>B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.</p> <p>B5.5. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, e utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, sempre que sexan traballados en clase previamente.</p> <p>B5.6. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen</p>	<p>SLEB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e iníciase no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</p> <p>SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc.</p> <p>SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p> <p>SLEB5.4. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información sobre datos persoais, felicitar, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, moi básicos e traballados previamente.</p>	<p>CCL CAA CCEC CD</p> <p>CCL CAA CCEC CD</p> <p>CCL CAA CCEC CD</p>



SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA. 1º DE ESO

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.</p> <p>Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</p> <p><b>B5.4. Plurilingüismo:</b></p> <p>Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.</p> <p>Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p><b>B5.5. Funcións comunicativas:</b></p> <p>Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.</p> <p>Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.</p> <p>Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros.</p> <p>Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias.</p> <p>Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza.</p> <p>Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición.</p> <p>Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios.</p> <p>Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.</p> <p><b>B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a:</b></p> <p>Identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades básicas da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde máis básica e coidados físicos elementais; educación e estudo; compras básicas; alimentación e restauración; transporte, tempo meteorolóxico e tecnoloxías da información e da comunicación.</p> <p>Expresións fixas, enunciados fraseolóxicos moi básicos e moi habituais (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresión sinxelas de gustos) e léxico sobre temas relacionados con contidos moi sinxelos e predicibles doutras áreas do currículo.</p> <p><b>B5.7. Estructuras sintáctico-discursivas propias de cada idioma.</b></p>	<p>varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p>	<p>SLEB5.5. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>	<p>CCL CAA CCEC CD</p>

**SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA. 2º DE ESO**

Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>Bloque 1. Comprensión de textos orais</b>				
a c d i	<p>B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais: Uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto; Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema. Identificación de palabras clave. Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica) Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos. Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece, a partir do contexto e das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece á lingua estranxeira.</p> <p>B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.</p> <p>B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.</p> <p>B1.4. Memorización de expresións orais breves significativas (saúdos, despedidas, consignas de aula, preguntas sobre idade, orixe, etc.).</p>	<p>B1.1. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal e pública moi básica (identificación persoal, gustos, etc.), así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento e actividades na aula.</p> <p>B1.2. Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.</p> <p>B1.3. Comprender o sentido global e as informacións específicas máis salientables de mensaxes orais sinxelas e moi básicas (por exemplo, onde e cando ocorre algo, seguir instrucións ou indicacións, identificar persoas que posúen algo, obxectos e lugares descritos cun vocabulario básico, etc.) emitidas cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia, sobre situacións habituais de comunicación, se se fala moi amodo e con moita claridade.</p> <p>B1.4. Comprender o esencial en conversacións moi básicas e breves sobre temas cotiáns habituais e de necesidade inmediata, previamente traballados, relativas ao ámbito persoal e público moi elemental, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible.</p>	<p>SLEB1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (información básica de carácter persoal, solicitudes de enderezo sinxelas a lugares moi coñecidos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita.</p>	CCL CAA CCEC CD
			<p>SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (datas, prezos, pequenas doenzas, etc.) e temas con que está moi familiarizado, e segue instrucións e consignas de aula.</p>	CCL CAA CCEC CD
			<p>SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis salientable de textos orais procedentes de medios audiovisuais ou de internet, breves como instrucións e comunicados, con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas e accións presentes moi habituais, sempre que se fale de xeito moi pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito.</p>	CCL CAA CCEC CD
			<p>SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversacións breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar, e estados de saúde, sensacións e sentimentos moi elementais.</p>	CCL CAA CCEC CD
<b>Bloque 2. Produción de textos orais</b>				
a c d i	<p>B2.1. Estratexias de produción: Planificación: Identificación do contexto, do destinatario e da finalidade da produción ou da interacción. Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa Execución: Percepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica. Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos</p>	<p>B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.</p> <p>B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas moi básicas relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender.</p> <p>B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre si mesmo/a e sobre accións e nocións (horarios, datas e cantidades) moi habituais da vida diaria, usando un repertorio básico de palabras e frases moi simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa</p>	<p>SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.</p>	CSIEE CCL CAA CCEC CD
			<p>SLEB2.2. Utiliza de xeito espontáneo as formas de cortesía máis sinxelas e habituais relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender, e fai e responde intelixiblemente preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida social diaria e do tempo libre, en situacións de</p>	CCL CAA CCEC CD

SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA. 2º DE ESO

Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>previamente asimilados e memorizados.</p> <p>Expresión da mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados na clase previamente.</p> <p>Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.</p> <p>Lingüísticos:                      Modificación de palabras de significado parecido.                      Definición ou paráfrase dun termo ou expresión.                      Uso da lingua materna ou "estranxeirizar" palabras da lingua meta.                      Petición de axuda.</p> <p>Paralingüísticos:                      Sinalización de obxectos, uso de delecticos ou realización de accións que aclaran o significado.                      Uso de linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal).                      Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo.</p> <p>B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.</p> <p>B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de comunicación: chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, compravenda e outras, igualmente cotiás moi básicas.</p>	<p>interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.</p> <p>B2.4. Dar e obter información sobre datos básicos persoais e bens e servizos moi elementais, utilizando un repertorio moi básico de expresións moi sinxelas e habituais sobre estes datos.</p>	<p>comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar.</p> <p>SLEB2.3. Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas coa xestión e transaccións moi sinxelas relativas a necesidades inmediatas, nas que pide e dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar.</p> <p>SLEB2.4. Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, e reacciona adecuadamente para establecer contacto social elemental, intercambiar información moi básica, manifestar os seus gustos, facer invitacións e ofrecementos elementais (invitar a ir a unha actividade, pedir ou ofrecer algo na clase, etc.), e pedir e dar indicacións moi básicas para ir a un lugar.</p> <p>SLEB2.5. Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre o funcionamento de bens e servizos relativos a temas moi cotiás (horarios dun museo, maneira de chegar, etc.), en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.</p>	<p>CCL CAA CCEC CD</p> <p>CCL CAA CCEC CD</p> <p>CCL CAA CCEC CD</p>
	Bloque 3. Comprensión de textos escritos			
a c d i	<p>B3.1. Estratexias de comprensión:                      Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.                      Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).                      Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).                      Formulación de hipóteses sobre contido e</p>	<p>B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, aos títulos e a outras informacións visuais, aos coñecementos previos sobre o tema ou sobre a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.</p> <p>B3.2. Seguir instrucións e consignas básicas, e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi sinxelas e predicibles e traballadas previamente, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela e con apoio visual.</p>	<p>SLEB3.1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese.</p> <p>SLEB3.2. Comprende avisos, obrigas, prohibicións e consignas básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual.</p> <p>SLEB3.3. Comprende información básica e moi sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e</p>	<p>CCL CD CAA CSIEE</p> <p>CCL CAA CCEC</p> <p>CCL CAA</p>

**SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA. 2º DE ESO**

	<b>SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA. 2º DE ESO</b>			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>contexto.</p> <p>Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e as experiencias noutras linguas.</p> <p>Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p> <p>B3.2. Soletreo e asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas.</p>	<p>B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos breves, moi sinxelos e ben estruturados, con conectores moi básicos e relativos a coñecementos e experiencias propias da súa idade.</p> <p>B3.4. Comprende textos propios de situacións cotiás próximas onde se dan a coñecer bens se servizos ou acontecementos (anuncios publicitarios elementais, folletos, catálogos, invitacións, etc.), e con apoio visual cando teña certa dificultade.</p>	<p>sobre sentimentos, preferencias e afeccións, referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade.</p> <p>SLEB3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo moi sinxelo, e con apoio visual, sobre temas coñecidos como actividades escolares e de lecer, hábitos saudables, etc., próximos á súa idade e á súa experiencia.</p>	<p>CCEC</p> <p>CCL CAA CCEC CD</p>
	<b>Bloque 4. Produción de textos escritos</b>			
<p>a</p> <p>c</p> <p>d</p> <p>i</p>	<p>B4.1. Estratexias de produción:</p> <p>Planificación:</p> <p>Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).</p> <p>Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).</p> <p>Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos.</p> <p>Execución:</p> <p>Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.</p> <p>Estruturación do contido do texto.</p> <p>Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.</p> <p>Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.</p> <p>Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <p>Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "paréceme ben", etc.).</p> <p>Revisión:</p> <p>Identificación de problemas, erros e repeticións.</p> <p>Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.</p> <p>Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.).</p>	<p>B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa na aula.</p> <p>B4.2. Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal.</p> <p>B4.3. Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata.</p> <p>B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.</p>	<p>SLEB4.1. Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar.</p> <p>SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa aos seus datos persoais, aos seus intereses ou ás súas afeccións.</p> <p>SLEB4.3. Escribe avisos, notas, instrucións, tarxetas postais, felicitacións, bandas deseñadas, tiras cómicas e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativos a actividades presentes e a necesidades inmediatas.</p> <p>SLEB4.4. Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituíndo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (informar, preguntar, invitar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada.</p>	<p>CCL CD CAA CSIEE</p> <p>CCL CAA CCEC CD</p> <p>CCL CAA CCEC CD</p> <p>CCL CAA CCEC CD</p>

**SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA. 2º DE ESO**

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Reescritura definitiva.			
	Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe			
a c d j o	<p>B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos. Sons e fonemas vocálicos. Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. Procesos fonolóxicos máis básicos. Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración.</p> <p>B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas. Uso das normas básicas de ortografía da palabra. Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.</p> <p>B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira. Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos, lugares máis habituais, etc.; e a costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira. Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso. Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</p> <p>B5.4. Plurilingüismo: Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos</p>	<p>B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significado evidente, e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facer entender.</p> <p>B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.</p> <p>B5.3. Utilizar para a comprensión e produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis básicas nos contextos respectivos.</p> <p>B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.</p> <p>B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p> <p>B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos de devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, e utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, sempre que sexan traballados en clase previamente.</p>	<p>SLEB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</p>	CCL CAA CCEC CD
			<p>SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc.</p>	CCL CD CAA CCEC
			<p>SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p>	CCL CD CAA CCEC
			<p>SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>	CCL CD CAA CCEC
			<p>SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información sobre datos persoais, felicitar, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, moi básicos e traballados previamente.</p>	CCL CAA CCEC



SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA. 2º DE ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>lingüísticos ou culturais, e valorando as competencias que se posúen como persoa plurilingüe.</p> <p>B5.5. Funcións comunicativas:</p> <p>Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.</p> <p>Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.</p> <p>Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros.</p> <p>Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias.</p> <p>Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza.</p>			

SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA. 3º DE ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Comprensión de textos orais				
academici	<p>B1.1. Estratexias de comprensión:</p> <p>Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.</p> <p>Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.</p> <p>Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial e puntos principais).</p> <p>Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.</p> <p>Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos (acenos, entoación, etc.)</p> <p>Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir do coñecemento doutras linguas e de elementos non lingüísticos (imaxes, música, etc.).</p> <p>Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p> <p>B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.</p> <p>B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición do dito.</p>	<p>B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, os puntos principais ou a información máis importante do texto.</p> <p>B1.2. Identificar o sentido xeral, os puntos principais e a información máis importante en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre asuntos habituais en situacións cotiás ou sobre aspectos concretos de temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.</p> <p>B1.3. Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lenta e claramente, e seguir indicacións sinxelas e breves.</p> <p>B1.4. Comprender transaccións moi básicas de bens e servizos elementais na vida cotiá, transmitidas de viva voz ou por medios técnicos, e moi ben articuladas e lentamente, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se se poden escoitar máis dunha vez.</p>	<p>SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, lectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso: saca conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido baseándose na entoación e na velocidade da fala; deduce intencións a partir do volume da voz do falante; fai anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e infire o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p>	CCL CAA CSC CCEC
			<p>SLEB1.2. Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara, sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.</p>	CCL CAA CSC CCEC CD
			<p>SLEB1.3. Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en</p>	CCL CAA CSC

**SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA. 3º DE ESO**

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		<p>B1.5. Comprender o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre temas cotiáns que se desenvolvan na súa presenza, nas que se describan, de xeito moi breve e sinxelo, persoas, lugares e obxectos, e se narren acontecementos elementais, sempre que poida solicitar que se repita o dito.</p> <p>B1.6. Seguir un texto breve articulado con claridade e pausadamente, no que se utilicen expresións sinxelas e habituais previamente traballadas e referidas a temas moi coñecidos dos ámbitos persoal e educativo (datos persoais, gustos e hábitos, materias que cursa, etc.), adecuado ao seu nivel escolar, actuando, de ser o caso, como mediación lingüística.</p> <p>B1.7. Comprender a información esencial de pasaxes curtas gravadas, que conteñan conversas, narracións e/ou descrições predicibles, e de presentacións moi sinxelas emitidas con estruturas e léxico moi básico, e o apoio de imaxes moi redundantes, que traten sobre asuntos da vida cotiá e de necesidade inmediata, previamente traballados, e que estean pronunciadas con lentitude e claridade, aínda que sexa necesario escoitalas máis dunha vez.</p>	<p>hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros docentes) nas que se utilicen frases feitas e estruturas sinxelas e previamente traballadas sobre datos persoais, horarios, prezos, números e preguntas sinxelas, e que se desenvolvan con lentitude e boa articulación.</p> <p>SLEB1.4. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións e opinións formulados en termos sinxelos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre aspectos xerais de temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.</p> <p>SLEB1.5. Comprende, nunha conversa formal na que participa (por exemplo, nun centro docente), preguntas sinxelas sobre asuntos persoais ou educativos (datos persoais, intereses, preferencias e gustos persoais, etc.), sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.</p> <p>SLEB1.6. Identifica as ideas principais de programas de televisión e de presentacións moi sinxelas e ben estruturadas sobre asuntos cotiáns predicibles ou do seu interese, previamente traballados, articulados con lentitude e claridade (por exemplo, noticias ou reportaxes breves), cando as imaxes constitúen grande parte da mensaxe.</p>	<p>CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CSIEE CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>
	<b>Bloque 2. Produción de textos orais</b>			
<p>a c d i</p>	<p><b>B2.1. Estratexias de produción:</b></p> <p><b>Planificación:</b></p> <p>Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción.</p> <p>Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.</p> <p><b>Execución:</b></p> <p>Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais, e a súa estrutura básica.</p> <p>Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e</p>	<p>B2.1. Pronunciar de maneira intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.</p> <p>B2.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves e de estrutura moi simple e clara, utilizando, entre outros, procedementos como a adaptación da mensaxe aos recursos dos que se dispón, ou a reformulación ou explicación de elementos.</p> <p>B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre transaccións e xestións cotiáns moi elementais, usando un repertorio básico de palabras e frases simples memorizadas, e facéndose comprender</p>	<p>SLEB2.1. Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, sobre aspectos concretos de temas xerais ou relacionados con aspectos básicos dos seus estudos, e responde a preguntas breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas se se articulan clara e lentamente.</p> <p>SLEB2.2. Desenvólvese coa eficacia suficiente en xestións e transaccións cotiáns, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer (horarios, datas, prezos, actividades, etc.), seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se lle repita ou repetir o dito.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CSIEE CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD CSIEE</p>



SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA. 3º DE ESO

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>memorizados.</p> <p>Expresión da mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados en clase previamente.</p> <p>Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <p>Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos, e paralingüísticos.</p> <p>Lingüísticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Modificación de palabras de significado parecido.</li> <li>Definición ou reformulación dun termo ou expresión.</li> <li>Uso da lingua materna ou "estranxeirización" de palabras da lingua meta.</li> <li>Petición de axuda.</li> </ul> <p>Paralingüísticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Sinalación de obxectos, uso de deícticos ou realizar accións que aclaran o significado.</li> <li>Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal).</li> <li>Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo.</li> </ul> <p>B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.</p> <p>B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación: saúdos e despedidas, felicitacións, invitacións, expresións da dor, conversa telefónica, compravenda, e outras igualmente cotiás e básicas.</p>	<p>aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.</p> <p>B2.4. Interactuar de xeito simple en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou manter a quenda de palabra, aínda que poidan darse desaxustes na adaptación ao interlocutor.</p> <p>B2.5. Dar información sobre datos básicos persoais, expectativas ou gustos, utilizando un repertorio moi básico de expresións memorizadas sinxelas e habituais sobre estes datos, sempre que poida pedir confirmación da comprensión á persoa interlocutora ou que se lle repita o dito.</p>	<p>SLEB2.3. Participa en conversas informais breves, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social, se intercambia información e se expresan opinións de xeito sinxelo e breve, se fan invitacións e ofrecementos, se piden e se ofrecen cousas, se piden e se dan indicacións ou instrucións, ou se discuten os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta, expresando o acordo ou o desacordo de xeito moi básico.</p> <p>SLEB2.4. Desenvólvese de maneira simple nunha conversa formal ou entrevista (por exemplo, para realizar un curso de verán), achegando a información necesaria, expresando de maneira sinxela as súas opinións sobre temas habituais, e reaccionando de forma simple ante comentarios formulados de maneira lenta e clara, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD CSIEE</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p>
Bloque 3. Comprensión de textos escritos				
a c d i	<p>B3.1. Estratexias de comprensión:</p> <p>Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.</p> <p>Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).</p> <p>Distinción de tipos de comprensión</p>	<p>B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, a títulos e outras informacións visuais, aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas polo contexto e mediante os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p> <p>B3.2. Seguir instrucións e consignas básicas e</p>	<p>SLEB3.1. Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos moi breves en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese e moi coñecidos, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen gran parte da mensaxe.</p> <p>SLEB3.2. Identifica, con axuda da imaxe,</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL</p>

**SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA. 3º DE ESO**

	<b>SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA. 3º DE ESO</b>				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	
	<p>necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).</p> <p>Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.</p> <p>Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e as experiencias noutras linguas.</p> <p>Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p>	<p>comprender avisos, obrigas e prohibicións moi básicas e predicibles, traballadas previamente, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela e con apoio visual.</p> <p>B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos informativos ou narrativos breves, moi sinxelos e ben estruturados, relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade.</p> <p>B3.4. Identificar a idea xeral, os puntos máis relevantes e a información importante en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados, escritos nun rexistro neutro ou informal, que traten de asuntos habituais en situacións cotiás, de aspectos concretos de temas de interese persoal ou educativo, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente.</p>	<p>instrucións xerais breves e sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián (por exemplo, unha máquina expendedora), así como instrucións sinxelas para a realización de actividades e normas de seguridade básicas (por exemplo, nun centro docente).</p> <p>SLEB3.3. Comprende correspondencia persoal sinxela en calquera formato na que se fala de si mesmo/a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos pasados, e se expresan de maneira sinxela sentimentos e desexos, plans e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.</p> <p>SLEB3.4. Entende a idea xeral de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo (por exemplo, sobre un curso de verán).</p> <p>SLEB3.5. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese (por exemplo, sobre unha cidade), sempre que poida reler as seccións difíciles.</p>	<p>CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>	
	<b>Bloque 4. Produción de textos escritos</b>				
<p>a c d i</p>	<p>B4.1. Estratexias de produción:</p> <p>Planificación:</p> <p>Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas, co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).</p> <p>Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).</p> <p>Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos.</p> <p>Execución:</p> <p>Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.</p> <p>Estruturación do contido do texto.</p> <p>Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal</p> <p>Expresión da mensaxe con claridade</p>	<p>B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final), a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa na aula.</p> <p>B4.2. Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal.</p> <p>B4.3. Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata.</p> <p>B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, actuando, de ser o caso, como mediación lingüística (adeuada ao seu nivel escolar) e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.</p>	<p>SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países), na que se intercambia información, se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, e se fan e se aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans).</p> <p>SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para asociarse a un club internacional de xente nova).</p> <p>SLEB4.3. Escribe notas e mensaxes (mensaxes instantáneas, chats, etc.), onde fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>	

**SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA. 3º DE ESO**

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.</p> <p>Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <p>Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "éme igual", "sóame", etc.).</p> <p>Revisión:</p> <p>Identificación de problemas, erros e repeticións.</p> <p>Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.</p> <p>Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.).</p> <p>Reescritura definitiva.</p>		<p>convencións e as normas de cortesía máis importantes.</p> <p>SLEB4.4. Escribe correspondencia formal moi básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas, ou a entidades comerciais, fundamentalmente para solicitar información, respectando as convencións formais e as normas de cortesía básicas deste tipo de textos, e fai unha presentación do texto limpa e ordenada.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>
<p>Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe</p>				
<p>a c d i o</p>	<p>B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: Sons e fonemas vocálicos. Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. Procesos fonolóxicos máis básicos. Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración.</p> <p>B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas: Uso das normas básicas de ortografía da palabra. Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.</p> <p>B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira. Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos, lugares máis habituais, etc.; e a costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira. Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis</p>	<p>B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significado evidente, e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facer entender.</p> <p>B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.</p> <p>B5.3. Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis básicas nos contextos respectivos.</p> <p>B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.</p> <p>B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p> <p>B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, e utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, sempre que</p>	<p>SLEB5.1. Produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</p> <p>SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.</p> <p>SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p> <p>SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p>SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD CSIEE</p> <p>CCL CAA</p>

SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA. 3º DE ESO

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.</p> <p>Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</p> <p><b>B5.4. Plurilingüismo:</b></p> <p>Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.</p> <p>Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p><b>B5.5. Funcións comunicativas:</b></p> <p>Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.</p> <p>Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.</p> <p>Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias.</p> <p>Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición.</p> <p>Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios.</p> <p>Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.</p> <p><b>B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a:</b></p> <p>Identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades básicas da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde máis básica e coidados físicos elementais; educación e estudo; compras básicas; alimentación e restauración; transporte, tempo meteorolóxico e tecnoloxías da información e da comunicación.</p> <p>Expresións fixas, enunciados fraseolóxicos moi básicos e moi habituais (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias, expresións sinxelas de gustos), e léxico sobre temas relacionados con contidos moi sinxelos e predicibles doutras áreas do currículo.</p> <p><b>B5.7. Estructuras sintáctico-discursivas propias de cada idioma.</b></p>	<p>sexan traballados na clase previamente</p>	<p>situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, disculparse, solicitar algo, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar e traballados previamente.</p>	<p>CSC CCEC</p>

**SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA. 4º DE ESO**

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>Bloque 1. Comprensión de textos orais</b>				
a c d i	<p><b>B1.1. Estratexias de comprensión:</b></p> <p>Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.</p> <p>Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.</p> <p>Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial e puntos principais).</p> <p>Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.</p> <p>Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos (acenos, entoación, etc.).</p> <p>Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir do coñecemento doutras linguas, e de elementos non lingüísticos (imaxes, música, etc.).</p> <p>Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p> <p><b>B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.</b></p> <p><b>B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición do dito.</b></p>	<p><b>B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.</b></p> <p><b>B1.2. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta ou media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais ou sobre temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.</b></p> <p><b>B1.3. Comprender o esencial en situacións que impliquen a solicitude de información xeral (datos persoais básicos, lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades cotiás, etc.), sempre que se fale con lentitude e con claridade.</b></p> <p><b>B1.4. Comprender o esencial en conversas sinxelas, básicas e breves sobre descrições, narracións, puntos de vista e opinións relativos a temas frecuentes e de necesidade inmediata relativas ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.</b></p> <p><b>B1.5. Comprender o sentido xeral e información moi relevante e sinxela de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares e predicibles, previamente traballados, e de programas de televisión tales como boletíns meteorolóxicos ou informativos, sempre que as imaxes porten gran parte da mensaxe.</b></p>	<p><b>SLEB1.1.</b> Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso: facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.) e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas.</p>	CCL CAA CSC CCEC
			<p><b>SLEB1.2.</b> Capta os puntos principais e os detalles salientables de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves, articulados de xeito lento e claro (por exemplo, por megafonía, ou nun contestador automático), sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.</p>	CCL CAA CSC CCEC CD
			<p><b>SLEB1.3.</b> Comprende, nunha conversa formal ou nunha entrevista na que participa (por exemplo, nun centro docente), preguntas sobre asuntos persoais ou educativos (datos persoais, intereses, preferencias e gustos persoais e educativos, coñecemento ou descoñecemento, etc.), así como comentarios sinxelos e predicibles relacionados con estes, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.</p>	CCL CAA CSC CCEC CD
			<p><b>SLEB1.4.</b> Entende información relevante do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros docentes), sempre que se fale amodo e con claridade.</p>	CCL CAA CSC CCEC
			<p><b>SLEB1.5.</b> Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, puntos de vista e opinións formulados de xeito simple sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.</p>	CCL CAA CSC CCEC
			<p><b>SLEB1.6.</b> Identifica a información esencial</p>	CCL



**SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA. 4º DE ESO**

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			de programas de televisión e presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre asuntos cotiáns ou do seu interese familiares e predicibles articulados con lentitude e claridade (por exemplo, noticias, documentais ou entrevistas), cando as imaxes portan gran parte da mensaxe.	CAA CSC CCEC CD
	<b>Bloque 2. Produción de textos orais</b>			
a c d j	<p><b>B2.1. Estratexias de produción:</b></p> <p><b>Planificación:</b></p> <p>Identificar o contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción.</p> <p>Adequar o texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.</p> <p><b>Execución:</b></p> <p>Concibir a mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.</p> <p>Activar os coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.</p> <p>Expresar a mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados en clase previamente.</p> <p>Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <p>Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.</p> <p><b>Lingüísticos:</b></p> <p>Modificar palabras de significado parecido.</p> <p>Definir ou parafrasear un termo ou expresión.</p> <p>Usar a lingua materna ou "estranxeirizar" palabras da lingua meta.</p> <p>Pedir axuda.</p> <p><b>Paralingüísticos:</b></p> <p>Sinalar obxectos, usar deícticos ou realizar accións que aclaran o significado.</p> <p>Usar linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións</p>	<p><b>B2.1.</b> Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.</p> <p><b>B2.2.</b> Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves e de estrutura simple e clara, utilizando, entre outros, procedementos como a adaptación da mensaxe a patróns da primeira lingua ou outras, ou o uso de elementos léxicos aproximados, se non se dispón doutros máis precisos.</p> <p><b>B2.3.</b> Intercambiar de xeito intelixible información sobre transaccións e xestións cotiás moi habituais, usando un repertorio básico de palabras e frases simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se lle repita ou repetir o dito.</p> <p><b>B2.4.</b> Producir textos breves e comprensibles, tanto en conversa cara a cara como por teléfono ou por outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela.</p> <p><b>B2.5.</b> Dar, solicitar e intercambiar información sobre temas de importancia na vida cotiá e asuntos coñecidos ou de interese persoal, educativo ou ocupacional, e xustificar brevemente os motivos de determinadas accións e plans, aínda que ás veces haxa interrupcións ou vacilacións, resulten evidentes as pausas e a reformulación para organizar o discurso e seleccionar expresións e estruturas, e a persoa interlocutora teña que solicitar ás veces que se lle repita o dito.</p>	<p><b>SLEB2.1.</b> Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un esquema lineal e estruturado, sobre aspectos concretos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas previsibles breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas.</p> <p><b>SLEB2.2.</b> Participa en conversas informais breves e sinxelas, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social básico, intercambia información e expresa de xeito sinxelo opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta, facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.</p> <p><b>SLEB2.3.</b> Desenvólvese coa debida corrección en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer (horarios, datas, prezos, actividades, etc.), seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.</p> <p><b>SLEB2.4.</b> Desenvólvese de xeito simple pero suficiente nunha conversa formal, nunha reunión ou nunha entrevista (por exemplo, para realizar un curso de verán), achegando información relevante, expresando de xeito sinxelo as súas ideas sobre temas habituais, dando a súa opinión sobre problemas prácticos cando se lle pregunta directamente, e reaccionando de forma simple ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave, se o necesita.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>

SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA. 4º DE ESO				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>faciais, posturas, contacto visual ou corporal).</p> <p>Usar elementos cuasiléxicos (hum, puah...) de valor comunicativo.</p> <p>B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.</p> <p>B2.3. Rutinas ou modelos básicos de interacción segundo o tipo de situación de comunicación.</p>			
Bloque 3. Comprensión de textos escritos				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas ( datas, prezos, pequenas doenzas, etc.) e temas con que está moi familiarizado, e segue instrucións e consignas de aula.</li> </ul>	X	X	X	Proba pechada (50% de valor da proba)		X	X		X
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> <li>▪</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis salientable de textos orais procedentes de medios audiovisuais ou de internet, breves como instrucións e comunicados, con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas e accións presentes moi habituais, sempre que se fale de xeito moi pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito.</li> <li>▪</li> <li>▪</li> <li>▪</li> <li>▪</li> </ul>		X	X	Proba pechada (50% do valor da proba)		X	X		X
<b>2º ESO</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Temporalización Por avaliacións</b>			<b>Grao mínimo de consecución</b>	<b>Procedementos e instrumentos de avaliación</b>				
Comp. clave		1ª	2ª	3ª		PROBA ESCRITA	PROBA ORAL	TRAB. IND./GRUPO	CAD./RUB.	OBSERV. AULA
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB 1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten</li> </ul>	X	X	X	PLE-R2-CCL-EO-1 (6 DE 12 PUNTOS)		X	X	X	X



	etc.), e pedir e dar indicacións moi básicas para ir a un lugar									
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB 2.5. Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre o funcionamento de bens e servizos relativos a temas moi cotiáns (horarios dun museo, maneira de chegar, etc.), en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.</li> </ul>		X	X	PLE-R2-CCL-E01 (6 DE 12 PUNTOS)		X	X	X	X
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> <li>▪</li> <li>▪</li> <li>▪</li> <li>▪ 2º ESO</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> <li>▪</li> <li>▪</li> <li>▪ Estándares de aprendizaxe</li> <li>▪</li> <li>▪</li> </ul>	1ª	2ª	3ª	Grao mínimo de consecución	PROBA ESCRITA	PROBA ORAL	TRAB. IND./GRUPO	CAD./RUB.	OBSERV. AULA
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> <li>▪ <b>Bloque 3. Comprensión de textos escritos</b></li> <li>▪</li> <li>▪ SLEB.3.1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese.</li> </ul>		X	X	Proba pechada ( 50% do valor da proba)	X		X	X	X
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB3.2. Comprende avisos,obrigas,prohibicións e consignas básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual.</li> </ul>	X	X	X	Proba pechada (50% do valor da proba)	X		X	X	X
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB 3.3. Comprende información básica e moi sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre sentimentos, preferencias e afeccións, referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade.</li> </ul>		X	X	Proba pechada (50% do valor da proba)	X		X	X	X
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB 3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo moi sinxelo, e con apoio visual, sobre temas coñecidos como actividades escolares e de lecer, hábitos saudables, etc., próximos á súa idade e á súa experiencia.</li> </ul>		X	X	Proba pechada (50% do valor da proba)	X		X	X	X



<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> <li>▪</li> <li>▪ 2ºESO</li> <li>▪</li> <li>▪</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> <li>▪ <b>Estándares de aprendizaxe</b></li> <li>▪</li> <li>▪ <b>Bloque 4. Producción de textos escritos.</b></li> </ul>				Grao mínimo de consecución	PROBA ESCRITA	PROBA ORAL	TRAB. IND./GRUPO	CAD./RUB.	OBSERV. AULA
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>SLEB 4.1.</b> Elabora textos sinxeos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar. escritos</li> </ul>	X	X	X	PLE-R2-CCL-EE1 (6 DE 12 PUNTOS)	X		X	X	X
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa aos seus datos persoais, aos seus intereses ou ás súas afeccións.</li> <li>▪</li> <li>▪</li> <li>▪</li> </ul>	X	X	X	PLE-R2-CCL-EE1(6 DE 12 PUNTOS)	X		X	X	X
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB4.3. Escribe avisos, notas, instrucións, tarxetas postais, felicitacións, bandas deseñadas, tiras cómicas e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativos a actividades presentes e a necesidades inmediatas.</li> </ul>	X	X	X	PLE-R2-CCL-EE1 (6 DE 12 PUNTOS)	X		X	X	X
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB4.4. Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituíndo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada ( informar, preguntar, invitar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada.</li> </ul>	X	X	X	PLE-R2-CCL-EE1 (6 DE 12 PUNTOS)	X		X	X	X
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> <li>▪</li> <li>▪ <b>Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe</b></li> </ul>										

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> <li>▪</li> <li>▪</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>SLEB5.1.</b> Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas( nasalización, sonorización,etc.) e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</li> </ul>	X	X	X	PLE-R2-CCL-EE01 (6 DE 12 PUNTOS)	X	X	X	X
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito( saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento,etc.),e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc.</li> </ul>	X	X	X	PLE-R2-CCL-EE/EO1 (6 DE 12 PUNTOS)	X	X	X	X
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</li> </ul>	X	X	X	PLE-R2-CCL-EE/EO1 (6 DE 12 PUNTOS)	X		X	X
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB5.4.Participa en proxectos( elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obra de teatro, etc.) nos que</li> <li>▪</li> <li>▪ Se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</li> </ul>		X	X	PLE-R2-CCL-EE1 (6 DE 12 PUNTOS)	X		X	X
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> <li>▪</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información sobre datos persoais, felicitar, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, moi básicos e traballados previamente.</li> </ul>	X	X	X	PLE-R2-CCL-EE1 (6 DE 12 PUNTOS)	X		X	X

## **E). CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA**

A metodoloxía que se empregará terá sempre en conta a atención á diversidade, e que a aprendizaxe resulte significativa, para logralo fomentárase unha metodoloxía activa onde se vexa favorecido todo tipo de actividades que enriquezan a aprendizaxe progresiva.

Asimesmo, precísase dunha metodoloxía socializadora, para potenciar un clima de atención mútua e que non se produza na aula discriminación algunha, polo que se debe fomentar o traballo en equipo e desenvolver técnicas de dinámica de grupos. Isto non estará rifado cunha metodoloxía que sexa á vez individualizada para dar resposta ás necesidades educativas individuais. Non esquecemos que a metodoloxía debe ser tamén globalizadora para favorecer en todo momento tódalas capacidades do alumno, cognitivas motores, afectivas, de relación interpersonal e inserción social. Por último, e tendo sempre en conta que a aprendizaxe para ser efectiva debe ser significativa, partiremos da zona de desenvolvemento próxima de cada alumno, é dicir que teremos moi en conta os coñecementos previos de cada alumno, para a partires de ahí, ir construíndo a aprendizaxe. Para conseguilo a metodoloxía tamén ha de ser afectiva para que a convivencia na aula debe ser agadable, de respecto mutuo, atendendo ós problemas de autoestima e equilibrio persoal do alumno. Por todo o exposto aquí arriba, o Departamento de Francés opta por unha aprendizaxe colaborativa e unha disposición do espazo físico que a facilite.

Tamén se escolle entre todos os posibles, un enfoque accional do ensino-aprendizaxe dunha lingua estranxeira (approche actionnelle), pois consideramos que vai máis alá do enfoque comunicativo, onde se abusaba das simulacións, porque se trata de que o alumno sempre “faga algo”, e porque coma xa se ten mencionado en repetidas ocasións, trataremos de seguir os dictados do Marco Europeo Común de Referencia para as Linguas.

Por outra banda, tentarase na medida do posible, introducir a clase inversée, alomenos de xeito experimental.

A disposición habitualmente será en parellas pero favorecerse a creación de grupos de 3, 4 ou 5 alumnos, para favorecer a comunicación, a entreaxuda e na búsqueda constante de que o traballo sexa realmente cooperativo.

## **F). MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

Dicionarios: Non se esixen ao alumnado en ningún nivel, hai algúns no Departamento, Sala de Profesores e na Biblioteca, solicitaranse algúnS máis.

Non hai ningún libro de texto de compra obrigada para os alumnos en ningún nivel nin curso. Bótase man dos existentes no departamento e os materiais persoais da profesora.

Vídeos. DVDs. Revistas e xornais franceses.

Gramáticas.

Libros de exercicios de vocabulario ou de gramática e de civilización francesa.

Libros de lecturas adaptadas

Material de oficina e manualidades

Pizarras clásicas, brancas e dixitais.

Ordenadores, proxectores e canóns de proxección.

Proxector de acetatos e rotafolio.

Xogos de mesa, taboleiros, fichas e dados.

Video cámara ou dispositivos de grabación de imaxe.

## G). CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

### Nota importante sobre os procedementos

Consideramos a avaliación de forma integradora e referida ao proceso de ensino e aprendizaxe. Por outra parte, consideramos as dúas funcións que debe ter sempre a avaliación pedagóxica: a función formativa que considera o proceso de ensino e aprendizaxe na súa globalidade, e a función sumativa que comproba de xeito puntual o grao de adquisición dos contidos traballados ao final dun período máis ou menos longo de ensino e aprendizaxe, pero sempre dende unha perspectiva formativa.

Baseámonos no aspecto motivador que ten o éxito, de aí que sempre se teñan en conta os logros dos alumnos e se avalíe positivamente.

+ Ó principio do proceso de aprendizaxe: a avaliación inicial. Aínda que moitos dos alumnos sexan principiantes na aprendizaxe do francés, non o son na súa lingua materna nin noutra lingua estranxeira, polo tanto, teñen xa un grao diferente de desenvolvemento lóxico-formal e unha bagaxe cultural dificilmente equiparable. Así pois, convén comprobar cales son os coñecementos, as habilidades e as actitudes que ten o alumno, aínda que sexa dun xeito relativo.

+ Ó longo do proceso de aprendizaxe: a avaliación continua. Convén controlar o progreso das aprendizaxes dos alumnos para determinar os logros e as carencias, identificar as causas das súas dificultades, e poñer en marcha as medidas de apoio e axuda apropiadas. Todo isto faise mediante:

. A observación continua, tanto do traballo individual coma do traballo en equipo.

. A recollida de material elaborado en clase ou na casa.

. A auto-avaliación despois de realizar unha serie de actividades e expresada en termos de capacidades. Utilizaranse sobre todo as rúbricas arriba mencionadas ou outras e o PEL (versión papel ou e-PEL). Consideramos que a auto-avaliación constitúe unha estratexia de control dirixida a que o alumno tome conciencia do que aprendeu e do que lle queda por aprender.

+ Despois dun período máis ou menos longo de aprendizaxe: avaliación sumativa de carácter formativo. Convén sinalar aquí, que este período é o establecido polo centro educativo dende a primería CCP e primeiro Calustro.

Realizaranse en todos os cursos e niveis, unha proba obxectiva por avaliación con catro partes: comprensión oral, expresión oral, comprensión escrita e expresión escrita.

As devanditas probas orais e escritas serán probas de acción baseadas na interacción e contextualizadas que permitirán transferir o asimilado e practicado a situacións novas. As probas tentarán reflectir o adquirido e realizado por cada alumno e non as súas carencias nin deficiencias. O obxectivo primordial destas probas, é familiarizar ó alumnado coas probas oficiais de certificación dos distintos niveis do MCERL.

Por outra banda, empregaranse as seguintes grellas/rúbricas para a avaliación das producións orais e escritas.

IES 12 de Outubro

DÉPARTEMENT DE FRANÇAIS

### GRILLE D'ÉVALUATION DE L'EXPRESSION ORALE

#### COMPÉTENCES PRAGMATIQUES, GRAMMATICALES, LEXICALES, PHONETIQUES

COMPÉTENCES	Utilisation de	Insuffis -sant	Passable	BIEN	TRÈS BIEN
		1 - 4,9	5 - 6,5	6,6 -7,9	8-10
Respect de la situation et le type de production (tâche) demandée Respect de la consigne de longueur indiquée	Formules et structures orales : Monologue, dialogue, interaction,				
Adaptation de la production orale au destinataire, à la situation, et au niveau d'expression demandée	Registre formel ou informel,				

Compétence grammaticale communicative : Capacité à exprimer des faits, des événements ou des situations (raconter, décrire, expliquer)	Structures linguistiques variées pour la description narration, explication, connecteurs, rapports des temps verbaux, accords du GN GV, pronominalisation, etc.				
Compétence à argumenter une prise de position en soulignant les détails pertinents	Structure du texte argumentatif, connecteurs logiques : cause, conséquence, concession				
Compétence phonétique/prosodie	Rythme, prononciation, articulation et intonation				
Compétence lexicale : Registre adéquat	Registre formel, standard ou familier. Vocabulaire spécifique				
Présentation	Prise de parole, tenue, attire l'attention du public,				
Travail de groupe	Coordination, prise de parole,				
Documents d'appui	Videos, photos, textes écrits				

IES 12 de Outubro

DÉPARTEMENT DE FRANÇAIS

**CRITÈRES POUR L'ÉVALUATION DE L'EXPRESSION ÉCRITE**

**COMPÉTENCES PRAGMATIQUES, GRAMMATICALES, LEXICALES, ORTHOGRAPHIQUES**

COMPÉTENCES	Utilisation de	Insufis -sant	Passable	BIEN	TRES BIEN
		1 - 4,9	5 - 6,5	6,6 -7,9	8-10
Respect de la situation et le type de production (tâche) demandée Respect de la consigne de longueur indiquée	Format du texte Structure formelle (paragraphes) Nombre de mots utilisés				
Adaptation de la production écrite au destinataire, à la situation, et au niveau d'expression demandée	Registre formel ou informel, format du message				
Compétence grammaticale communicative : Capacité à exprimer des faits, des événements ou des situations (raconter, décrire, expliquer)	Structures linguistiques variées pour la description narration, explication, connecteurs, rapports des temps verbaux, accords du GN GV, pronominalisation, etc.				
Compétence à argumenter une prise de position en soulignant les détails pertinents	Structure du texte argumentatif, connecteurs logiques : cause, conséquence, concession				
Compétence orthographique	Homophones lexicaux et verbaux, orthographe lexicale, ponctuation				
Compétence lexicale : Registre adéquat	Registre formel, standard ou familier. Vocabulaire spécifique				
Présentation	Format, marges, ratures, calligraphie				

Nota importante sobre os instrumentos de avaliação

O tipo de avaliación é CONTINUA, polo que entendemos que en xuño non se fai media das puntuacións acadadas no primeiro e segundo trimestres, senón que se pon a nota que alumno acada nese momento final.

As ferramentas que se han de empregar para a avaliación serán preferiblemente as RÚBRICAS, estas serán deseñadas e utilizadas en cada unha das Unidades Formativas que comporta a concreción dos estándares de aprendizaxe avaliábeis. Para o seu deseño fixarémonos sobre todo nestes aspectos, podendo directamente empregar todas ou parte das rúbricas xa sinaladas máis arriba nesta programación:

- A observación do traballo diario do alumno na clase. Ten especial importancia o esforzo polo emprego sistematizado do francés na aula.

- A valoración cuantitativa e cualitativa das tarefas realizadas na clase e na casa, comprobando a capacidade para a expresión e comprensión oral e escrita, a claridade na exposición e a capacidade de análise e de síntese.

- O caderno do/a alumno/a e os seus apuntes persoais tamén serán un valioso instrumento á hora de avaliar o desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, e poderán ser requeridos pola profesora en calquer momento.

- As probas orais e escritas (con ou sen preaviso), sen que estas supoñan unha valoración definitiva cara a avaliación.

- Asistencia, puntualidade e atención en clase.

- A análise do esforzo desempeñado polo alumno, así como a puntualidade, corrección e limpeza na entrega de traballos.

- O caderno de fichas e cualificacións da profesora.

- O caderno diario (carnet de textes) da profesora.

Nota importante: Este departamento non fará probas de recuperación nin reparto de contidos por trimestre. En linguaxe coloquial “sempre entra todo”.

### **Criterios de cualificación**

A través dos aspectos arriba citados, é dicir, de todas as probas orais e/ou escritas que a profesora considere oportunas, coa nota da proba realizada ao final de cada trimestre (que se axustará estrictamente, como xa se indicou, ós modelos de exame por niveis do MCERL, tendo todos eles catro partes: comprensión oral, comprensión escrita, expresión oral e expresión escrita; cada unha destas partes valerá o 25% do total da proba trimestral e non é necesaria unha nota mínima en cada parte para proceder ó cálculo da nota de dita proba), pero sobre todo, cos resultados das diferentes rúbricas que se apliquen, obterase aritmeticamente unha nota de clase por trimestre.

Dita nota poderíase verse mermada polo que denominamos “deducións”. Estas deducións queren dar cumprida resposta ó noso compromiso coas normas que rexen no centro e co plan de convivencia; de non ser así o comportamento, a observación da disciplina, das regras básicas e dos modais elementais que deben ser respetados, non terían reflexo algún nunha nota puramente académica, sen prexuízo das distintas correccións que as conductas contrarias ou gravemente perxudiciais poden levarse a cabo dende a propia materia, a titoría ou a Xefatura de Estudos/dirección do centro.

As deducións serán as seguintes:

Mascar chicle ou comer en clase: ata -0.5

Falar sen permiso, berrar, interrompir, molestar ou similar: ata -0.5

Estar de pé ó entrar a profesora: ata -0.5

Non traer o material: ata -0.5

Expulsión de clase: ata -1

Á nota de clase pois, réstanselle os valores das actitudes negativas sinaladas tantas veces coma se produzan nun trimestre e obteremos unha nota total que valerá o 15% da nota trimestral. Neste mesmo senso, aquel alumnado que non teña dedución alguna e aplicando a mesma porcentaxe, obterá 1,5 sobre 10 a engadir ás notas obtidas polos outros apartados digamos puramente académicos.

Por último, para obter a nota do boletín, otorgarase o enteiro no caso de centésimas ata 49, e o enteiro superior en centésimas a partir de 50.

No caso de copia, trampa, fraude ou altercado nas probas, sexan trimestrais ou non, e de calquera natureza, a cualificación da mesma será 0, e a profesora resérvase o seu dereito a non facer media algunha por este motivo. A grella de avaliación, será a que se detalla a continuación no caderno-ficheiro da profesora:

Critères de réussite d'après les outils d'évaluation du programme 2019/2020	1er Trimestre						2ème Trimestre						3ème Trimestre								
	%	Résultats						%	Résultats						%	Résultats					
C.O.	1 5 %							1 5 %							1 5 %						
E.O.	1 5 %							1 5 %							1 5 %						
C.E.	1 5 %							1 5 %							1 5 %						
E.E.	1 5 %							1 5 %							1 5 %						
Bon usage du français (grammaire, conjugaison, vocabulaire, morphosyntaxe)	1 0 %							1 0 %							1 0 %						
Auto-évaluation (carnets personnels, PEL ou autres)	5 %							5 %							5 %						
Tâches communicatives individuelles et/ou collaboratives	1 0 %							1 0 %							1 0 %						
NOTE DE COURS (politesse, respect des normes et consignes, non oubli du matériel, utilisation du français,	1 5 %							1 5 %							1 5 %						





NOTE DE COURS (politesse, respect des normes et consignes, non oubli de tout le matériel, utilisation du français, effort, rigueur, intérêt, ...)	15 %		15 %		15 %		MOYE NNE ABSO LUE
MOYENNE DU TRIMESTRE	100 %		100 %		100 %		

## H). INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Evidentemente para o departamento os resultados acadados polo alumnado cada trimestre e na avaliación final serán decisivos para poder arrojar unha valoración o máis obxectiva posible sobre o proceso de ensino-aprendizaxe. Pero ademáis, podemos empregar outras ferramentas tales que estadillos, enquisas e parrillas de avaliación numéricas ou non sobre numerosos aspectos da clase.

Desenvolveremos a avaliación do ensino e os seus compoñentes conforme a estratexias que nos permitan obter información significativa e continua para formulareira xuízos e tomar decisións que favorezan a mellora de calidade do ensino.

Co obxectivo de garantir a obxectividade da avaliación, seleccionaremos procedimentos, técnicas e instrumentos de acordo aos seguintes requisitos:

- Variedade, de modo que permitan contrastar datos de avaliación obtidos a través de distintos instrumentos.
- Concreción sobre o que se pretende, sen introducir variables que distorsionen os datos que se obteñan coa súa aplicación.
- Flexibilidade e versatilidade, serán aplicables en distintos contextos e situacións.
- Participación, o consenso en todos estes aspectos básicos marcará a estratexia avaliadora do equipo docente.

Empregaremos preferentemente para iso as seguintes técnicas:

Observación: directa (proceso de aprendizaxe dos alumnos) e indirecta (análise de contido da programación didáctica).

Entrevista: permitiranos obter información sobre a opinión, actitudes, problemas, motivacións etc. dos alumnos e das súas familias. O seu emprego adecuado esixe sistematización: definición dos seus obxectivos, a delimitación da información que se pensa obter e o rexistro dos datos esenciais que se obtiveron.

Cuestionarios: complementan a información obtida a través da observación sistemática e entrevistas periódicas.

Resulta de utilidade a avaliación que realizan os alumnos sobre algúns elementos da programación: que iniciativas metodolóxicas foron máis da súa agrado, con que fórmula de avaliación senten máis cómodos, etc.

## I). ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Os alumnos pendentes que non cursen Francés, serán avaliados pola Xefe do Departamento. Realizarán as probas que determine a Xefatura de Estudos no segundo e/ou terceiro trimestre.

No caso de non superala(s), poderán presentarse de novo a unha proba similar que se realizará convocatoria extraordinaria de setembro.

Os contidos desta proba corresponderanse cos coñecementos e aprendizaxes básicos na ESO e en Bacharelato; será de características similares á proba da convocatoria extraordinaria do mes de setembro.

Ademais Os alumnos con francés pendente que non teñan francés deberán entregar as fichas que teñen que realizar en cada trimestre nas seguintes datas:

1º trimestre: 2 de decembro.

2º trimestre: 20 de febreiro.

3º trimestre: 20 de abril.

Os alumnos pendentes que seguen cursando Francés serán avaliados ó longo do curso pola profesora. Como norma xeral, se logran superar as dúas primeiras avaliacións, e ademais realizan unhas fichas ó longo do curso aprobarán a materia pendente. Se non aprobasen as dúas primeiras avaliacións do curso actual, tal como se expón ó inicio deste epígrafe, irían ó exame final para pendentes que terá lugar no mes de maio e cuxas datas son impostas dende a Xefatura de Estudos.

## **J). ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN Ó ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS, NO CASO DO BACHARELATO.**

En efecto, no caso do Bacharelato chegan alumnos/as con formación insuficiente en francés para cursar a primeira lingua, porén é un dereito que lles ampara, posto que trátase dun cambio posible realizado no cambio de etapa.

Non hai nestes momentos, alumnos con cambio do primeiro idioma en 2º Bac, aínda que si os houbo o ano pasado en 1º Bac nesas circunstancias.

Este departamento non ten costume desanimar a quen escolle francés, e axudará a este alumnado a acadar un nivel suficiente para poder levar un 2º de Bac exitoso na materia.

## **K). DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.**

Durante as primeiras semanas de clase comprobarase o nivel do alumnado mediante realización de actividades escritas e sobre todo orais, exercicios de clase, eventualmente probas, que recollan aspectos relacionados con cada competencia básica especialmente as fortemente vinculadas a área de Francés.

Atendendo aos resultados obtidos na avaliación inicial realizaranse as adaptación curriculares globais en relación ao grupo no seu conxunto e as adaptación individuais necesarias que se poideran producir. Estas adaptacións realizaranse na programación de aula de cada profesor.

A avaliación inicial non ten cualificación no boletín de notas polo tanto non fai media co resto das cualificacións do curso. Considerámola un instrumento para que a profesora coñeza o punto de partida de cada alumno e para que os alumnos se decaten sobre todo das súas potencialidades, pero tamén das súas carencias.

## **L). MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Todos sabemos que un grupo de alumnos non é un conxunto homoxéneo no que todos os alumnos aprenden da mesma maneira nin no mesmo tempo. Existen distintos ritmos de aprendizaxe, e distintos alumnos ós que o profesor

debe procurar atender para evitar na medida do posible, que os alumnos con dificultades abandonen a materia ó non sentirse capaces de progresar, e aqueles alumnos que por circunstancias determinadas teñan un nivel máis avanzado teñan a sensación de estar a perder o tempo.

Por este motivo é conveniente coñecer desde o principio do curso a situación dos alumnos con respecto á materia; para iso levarase a cabo unha avaliación inicial que permitirá á profesora detectar as primeiras dificultades para algúns alumnos, e organizar o desenvolvemento da materia en función dos resultados obtidos; avaliación, que por outra banda faise absolutamente necesaria e perceptiva no caso da ESO.

Ao longo do curso e como medidas de atención á diversidade levaranse a cabo:

- Adaptacións da programación, se fose necesario (reducir ou ampliar os obxetivos previstos, modificar a secuenciación prevista para facilitar a aprendizaxe, etc).
- Elaborar distintos procedementos para aqueles alumnos que teñan dificultades, simplificando no posible as tarefas, ou aumentar a complexidade dos mesmos para os alumnos que teñan maior nivel.
- Organizar o desenvolvemento dos contidos procurando atender con explicacións máis sinxelas ou detalladas ós alumnos menos avanzados, ben entre profesora/alumno, ben entre alumnos, mentres os demais realizan tarefas de perfeccionamento.
- Adaptar as probas ó nivel dos distintos alumnos, establecer un núcleo común e outras actividades de niveis diferentes para ser realizadas por uns ou outros (segundo a complexidade).
- Crear un clima de colaboración, fomentando o traballo en grupo en todo momento, o que favorece que os alumnos de maior nivel poidan axudar a aqueles alumnos con dificultades, e de respecto cara ós compañeiros que aprenden máis lentamente.
- Colaborar co Departamento de Orientación naqueles aspectos nos que fose necesario para conseguir subsanar dificultades puntuais ou persistentes en alumnos concretos.

## **M). CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO**

1. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional

2. A prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído moi probablemente o tratamento do Holocausto xudeu como feito histórico.

Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, de transxénero, intersexual e pansexual.

3. Actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

4. Se é posible abordarase a seguridade viaria para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que os/as alumnos/as coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

5. Comunicación audiovisual e TIC: o uso das tecnoloxías de a información e a comunicación estará presente en todo momento, xa que a nosa metodoloxía didáctica incorpora un emprego exhaustivo de tales recursos, dunha maneira moi activa. O alumnado non só terá que facer uso das TIC para traballar determnados contidos (a través de vídeos, simulacións, interactividades...) senón que poderá empregalas para comunicar aos demais as súas aprendizaxes, mediante a realización de presentacións (individuais e en grupo), a gravación de audios, etc.

6. Educación en valores: o traballo colaborativo, elemento importante do noso enfoque metodolóxico, permite fomentar o respecto aos demais, practicar tolerancia, a cooperación e a solidariedade, así como a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes.

7. Noutra orde de cousas, será igualmente importante a valoración crítica dos hábitos sociais e o consumo, así como o fomento do coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.

## **N). ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS POR ESTE DEPARTAMENTO DIDÁCTICO**

- Gravación de obras de microteatro, vídeos, curtas e/ou formatos audiovisuais tipo lip-dub.
- Intercambio de correspondencia ordinaria e/ou electrónica con estudantes estranxeiros en francés, podendo ser francófonos ou non.
- Saídas ao teatro, sobre todo as obras en francés adaptado das compañías que adoitan facelo para público escolar (está prevista una representación auspiciada polo Concello de Ourense para mediados de febreiro no Auditorio Municipal de Ourense.
- Preténdese acudir tamén ao teatro no suposto de que haxa representacións de obras de autores francófonos relevantes, aínda que sexan interpretadas en galego ou castelán.
- Participación na MITEU, semana do teatro escolar e/ou certámenes dramáticos noutras localidades.
- Participación (pode ser xunto con outros departamentos) nas actividades programadas ó longo do curso polos museos e organismos de divulgación de Galicia, do estado ou do estranxeiro.
- Invitación a persoas nativas francófonas que poidan facer de conferenciantes sobre temática diversa.
- Panxoliñas en francés polo Nadal.
- Proxecto(s) E-twinning cun centro(s) estranxeiro(s).
- Os alumnos de francés asistirán, se as programacións dos organismos o permiten, a alguna proxección por exemplo do cine clube Padre Feijóo de Ourense ou a algunha proxección de cine francés na Escola Oficial de Idiomas. Subsidiariamente, poderíase organizar alguna actividade de vídeo clube dende o propio centro ou en coordinación con outros institutos, en particular alguna proxección comentada de películas dobradas ou en V.O. en DVD.
- Intentarase facer algunha xornada gastronómica de Francia e territorios francófonos con o sin concurso de receitas, co gallo de Nadal, a Candelaria, Entroido ou algún outro evento salientable. Se xurdira a posibilidade, realizaríanse con outros centros educativos.
- Asistencia a actividades propostas pola Alianza Francesa (de Vigo, Santiago de Compostela ou A Coruña). Saliéntanse as actividades de cine-clube e clubes de lecturas, ós que nos gustaría levar puntualmente ós nosos alumnos.
- Posto que non está previsto dispor dun auxiliar francófono, o departamento argallará ou solicitará todas aquelas iniciativas que impliquen traer ó noso centro profesores ou estudantes por un periodo o máis longo posible, tales que estancias profesionais do MEFP ou convocatorias e iniciativas similares.
- Participación se fora posible no programa Erasmus + se se concede ou solicita para este centro educativo para os niveis educativos impartidos neste Departamento.
- Realizarase algunha visita na cidade de Ourense, ou no resto do estado a algunha exposición que teña que ver coa materia.
- Elaboración de recetarios en soporte papel e/ou electrónico.
- Pic-nics francófonos con outros estudantes aproveitando visitas e saídas propias ou doutros departamentos.
- Actividades lúdico-educativas en CD-Rom ou conectados á rede.
- Eventual intercambio de alumnos cun centro estranxeiro no caso de que se volva abrir a convocatoria por parte da Consellería de Educación dos chamados "intercambios Xunta", apareza unha convocatoria de subvención similar, se puidese levar a cabo no marco dun programa internacional, ou as familias asuman o custo total.
- Posible incorporación a un proxecto Portfolio ou incluso Eufolio.

## Ñ). MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Do mesmo xeito que se regula a avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe, é conveniente que se avalíe a presente programación, sobre todo porque se fixo sen coñecer suficientemente ó alumnado nin a dinámica que se xerará en cada grupo, porque quizáis sexa frouxa en certos aspectos ou demasiado ambiciosa noutros. Para elo, propónse facelo ao final de cada trimestre académico, cun formulario e/ou transcripción no libro de actas do Departamento, para reflexionar alomenos sobre cinco aspectos:

- O seguemento dos pendentes. Se se presentan ou non a recoller traballos, recibir explicacións, ou se polo contrario amosan absoluta indiferencia.

- Medidas de atención á diversidade: número de casos atendidos, desdobramentos, reforzos, exencións, apoios, etc.

- Opinión dos alumnos e nivel de credibilidade. A tal efecto pasaráselles un sinxelo formulario sobre o seu percorrido durante o trimestre, o grao de asimilación, comprensión, problemas atopados e expectativas futuras.

- Reflexión sobre o rendemento educativo á vista dos resultados e porcentaxes de aprobados e suspensos do trimestre em cada curso; se os resultados foron os agardados, mellores ou peores.

- Avaliación de todo o proceso de ensinanza aprendizaxe, onde a docente considerará idóneas ou non entre outras, a metodoloxía, os criterios e instrumentos de avaliación, así como os prantexamentos didácticos acordados no momento de redacción da programación anual.

Se houber aspectos que necesiten unha emenda, corrección, supresión ou ampliación por verse comprometido algún aspecto curricular, o Departamento publicaría unha adenda para entregarllela á Xefatura de Estudos, e reflectaríase igualmente no libro de actas.

Non obstante, e sen prexuízo do anterior, este Departamento empregará o seguinte formulario para facilitar a autoavaliación docente e a da presente programación:

<b>CRITERIOS</b>	<b>AVALIACIÓN*</b>	<b>PROPOSTAS</b>
Análise do desenvolvemento da programación, por curso e grupo.		
Análise dos resultados da avaliación do alumnado, por curso e grupo.		
Análise das desviacións dos resultados entre grupos e cursos.		
Análise da/s metodoloxía/s didáctica/s empregada/s.		
Análise da organización e disposición espacial das aulas.		
Análise sobre o aproveitamento dos recursos dixitais e materiais disponibles no departamento e no centro educativo.		
Análise dos procedementos e instrumentos e dos criterios de		

avaliación.		
Análise das medidas da atención á diversidade.		
Posibles correccións a partir da análise anterior.		
Propostas para mellorar os resultados en aras da excelencia.		

\*Avaliar do 1 ó 5 segundo o seu cumprimento.

**Ourense, a 30 de setembro de 2019.**

**Visto e praxe, o Departamento de Francés.**

**Asdo: Mónica Febrero Alonso (Xefe de Departamento)**